

26/3/2020

Ola a todos e todas

Escíbeme a Xefa de Estudos para advertirme de que algún alumno se puxo en contacto con ela para dicirlle que lle é imposible conseguir o libro de lectura que tiñamos previsto para a 3ª avaliación, unha das tarefas que eu vos propuxen para aproveitar estes días de corentena.

Cantares gallegos de Rosalía de Castro é a chave do Rexurdimento do S. XIX e é importante que o leades con calma. Só con que fixédeses iso daríame por satisfeita.

É de fácil acceso e podedes descargalo gratis como pdf. en varias páxinas de internet. Eu vouvos facilitar unha delas:

http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo/Archivos/ENL/Escritores_actividades_L_G/Rosalia/ROSALIA%20PARA_SEMPRE/2_CANTARES_GALLEGOS/CANTARES_GALLEGOS.pdf

Tamén podedes atopar multitude de versións musicadas dos poemas máis famosos; ademais podedes lelo completo on line na páxina do Centro Cervantes.

Rogaríavos que se tedes algún problema coas miñas recomendacións vos poñades antes de nada en contacto comigo para non saturar innecesariamente á Xefa de Estudos:

anxosgf@edu.xunta.es

Ánimo e non vos poñades nerviosos. Aproveitade o tempo para aprender con máis sosego e doutras maneiras. O que estamos vivindo é novo para todos e temos que esforzarnos por sacar proveito desta experiencia.

Un saúdo e xa sabedes que estou pendente do correo para calquera dúbida que vos xurda.

Anxos